



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Industria,  
Enerxía e Minas

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 4<sup>a</sup> planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**ACORDO DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE INTERPOSICIÓN DO RECURSO  
DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DO 20 DE DECEMBRO DE 2010  
POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DE ANTEPROXECTOS DE PARQUES  
EÓLICOS SELECCIONADOS AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE MARZO DE  
2010 PARA A ASIGNACIÓN DE 2.325 MW DE POTENCIA NA MODALIDADE  
DE NOVOS PARQUES EÓLICOS EN GALICIA**

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.**- No DOG núm. 248, do 28 de decembro de 2010 publicouse a resolución do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia.

Na resolución indicábase que contra esta cabía interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme o establecido nos artigos 114º e 115º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que os interesados puideran interpoñer calquera outro recurso que consideraran pertinente.

**SEGUNDO.**- Logo de ditada a resolución, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas procedeu á apertura do trámite de vista do expediente administrativo respecto das empresas participantes no concurso que solicitaron acceso a este.

No suposto de solicitudes de vista de documentación que puideran entrañar vulneración do segredo industrial, iniciouse asemade un trámite adicional de audiencia a todas as empresas afectadas co fin de que se pronunciasen acerca do carácter ou non de segredo da referida documentación.

**TERCEIRO.**- Con carácter previo á finalización do prazo do mes para a interposición do recurso de alzada, diversas empresas solicitaron a ampliación do referido prazo e mesmo a fixación do inicio do seu cómputo unha vez rematado o prazo de audiencia conferido ás entidades participantes no concurso.

### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

**PRIMEIRO.**- A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é competente para decidir sobre a ampliación do prazo de interposición do recurso de alzada, en canto órgano que ditou a resolución do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación



de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, coa previsión do prazo inicial dun mes para a interposición do recurso.

**SEGUNDO.-** Consonte o artigo 49 da Lei 30/1992, a *Administración, agás precepto en contrario, poderá conceder, de oficio ou por petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade deles, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberalles ser notificado aos interesados.*

Malia regra xeral da improrrogabilidade dos prazos de interposición dos recursos administrativos, no suposto actual considérase procedente conceder a ampliación do prazo solicitado en aplicación do previsto no artigo mencionado, toda vez que claramente concorren as circunstancias que a xustifican e que se respectan os límites establecidos para o seu outorgamento.

Considerando as numerosas solicitudes de vista do expediente efectuadas polos participantes no concurso eólico; valorando a demora do trámite de vista consecuencia da apertura do trámite adicional de audiencia ás empresas afectadas para a salvagarda do seu segredo industrial; ponderando a complexidade do expediente consultado e a posible colisión entre os intereses dos solicitantes de acceso e terceiros; e apreciando a eventual trascendencia da vista do expediente para a adecuada articulación da defensa nos correspondentes recursos de alzada; tendo en conta todos estes aspectos entendemos xustificada a ampliación do prazo inicialmente establecido na resolución do 20 de decembro de 2010 para a interposición do recurso de alzada, co obxecto de evitar que a efectividade do dereito de acceso ao procedemento resulte substancialmente condicionada pola brevidade do prazo de interposición do recurso.

A ampliación concédese por un prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo inicial de interposición do recurso de alzada e faise extensible á totalidade dos interesados na presentación do recurso, non resultando afectados dereitos de terceiro.

Este acordo será publicado no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, sen prexuízo da súa notificación individual a cada un dos solicitantes.

Polo tanto, como consecuencia do exposto,



## ACORDO

**PRIMEIRO.-** Ampliar o prazo de interposición dos recursos de alzada contra a resolución do 20 de decembro de 2010, por prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo inicial de interposición do recurso de alzada.

**SEGUNDO.-** Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, sen prexuízo da súa notificación individual a cada un dos solicitantes.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2011

O director xeral de Industria, Enerxía e Minas

